



ANEXO V DECLARACIÓN EXPRESA RESPONSABLE

D./ D^a con NIF

en calidade de presidente/a ou representante legal da ANPA

, solicitante das axudas do concello de Redondela para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar e para actividades extraescolares para o curso académico 2024-2025,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias nin prohibicións a que se refire e enumera o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar beneficiaria das axudas convocadas.
2. Que ningún dos administradores, responsables ou asinantes nin o o asinante da declaración atópanse incurso en suposto ningún dos que recolle o artigo 13 da Lei 58/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, coa Facenda Municipal e coa Seguridade Social, o cal asino en cumprimento da letra e) do apartado 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que a entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentado unha renuncia por escrito.
5. Que a entidade está rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións e que os datos están actualizados en orden ós requisitos esixidos para as subvencións do concello.
6. Que as actividades ou actos presentados a esta subvención non inclúen tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade entre xéneros ou á violencia de xénero.
7. Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.
8. Que, en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumplida ningunha obriga por reintegro de subvencións.
9. Que, as facturas presentadas están escaneadas das orixinais e que estarán en posesión da entidade durante catro anos para por a disposición do concello de Redondela ou calquera organismo público que tivera que acceder a elas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



10. Que autorizo ó concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coas miñas obrigacións coa Seguridade Social e Facenda Estatal e Autonómica para o caso de obter unha subvención por importe superior a 3.000 €.

NO CASO DE NON AUTORIZAR Ó CONCELLO, MARQUE ☐ NO E XUNTO COA DOCUMENTACIÓN PRESENTE OS CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE COA SEGURIDADE SOCIAL, FACENDA DO ESTADO E FACENDA DA XUNTA DE GALICIA.

11. Que autorizo ó órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren no poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

O documento debe ser datado e asinado electronicamente polo/a presidente/a da ANPA ou o/a representante legal

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894